

C Unha carta para salvar o planeta

Cambiar o mundo é o compromiso da xuventude. Pensa globalmente, actúa localmente. Esta coñecida palabra de orde ecoloxista encaixa coa filosofía de que con pequenos xestos na nosa contorna se pode transformar o planeta. Mudar o universo dende Galicia. E nesa loita está o movemento da mocidade contra o cambio climático, unha acción mundial que ten entre os seus protagonistas unha moza galega. Silvia Viña, unha compostelá de 16 anos, foi unha das cinco elixidas entre rapaces de todo o globo para facerlle chegar ao presidente do Consello Europeo, Herman Van Rompuy, unha carta elaborada por rapaces 47 países reunidos en Brasil para salvar o planeta. A el lle reclamaron a convocatoria dun cumio europeo da mocidade contra o cambio climático para o ano 2012.

"Temos que ser positivos e collelo con enerxía porque se cremos neste cambio ímolo seguir e non importan os obstáculos; é posible vivir de maneira máis sostible", proclama Silvia. A aventura desta moza que estuda no instituto Rosalía de Castro de Santiago comezou ao gañar un concurso escolar, cun traballo para o Proxecto Climática, que lle deu acceso á Conferencia Internacional da Mocidade para o Medio Ambiente que se celebrou en Brasilia. Alí foi unha das preto de 400 mozas e mozos entre 12 e 15 anos que asinaron a carta internacional *Coidemos o Planeta*, un compromiso da xuventude para a loita contra o cambio climático.

Pero a experiencia en Brasil, na que a rapaza contou coa vantaxe de poder comunicarse en galego ademais de en castelán e inglés, foi só o primeiro paso da historia. Este cumio xuvenil celebrado o pasado verán abriulle as portas da Unión Europea. O mesmo presidente do Consello Europeo, o belga Herman Van Rompuy, recibiu recentemente a Silvia Viña no seu despacho de Bruxelas. Esta nena galega foi a emisaria –xunto con outros catro rapaces de Grecia, Italia e Francia– da men-

Aínda non ten clara a súa vocación, pero Silvia xa matina en traballar pola conservación do planeta

saxe que os mozos do mundo lle mandan á administración europea: que se comprometa coa defensa do medio ambiente e adopte todas as medidas na súa man contra o quentamento global, unha modificación do clima que provoca o aumento das temperaturas, a suba do nivel do mar e a desaparición dos glaciares polo efecto invernadoiro provocado pola contaminación atmosférica.

"Amosámoslle o proxecto e presentámoslle a idea de facer un cumio europeo de rapaces para o ano 2012. O presidente acolleunos de xeito espectacular, díxonos que estaba orgulloso de que houbese mozos implicados neste tema e que posiblemente se podería facer a conferencia en Dinamarca", explica ilusionada Silvia Viña despois da reunión que mantiveron co máximo líder europeo en novembro durante nada menos que unha ho-

Unha rapaza galega foi a emisaria de 400 mozos de 50 países para entregar ao presidente do Consello Europeo o compromiso asinado pola xuventude do mundo, reunida en Brasil, na loita contra o cambio climático

● ALBA SUÁREZ

A galega Silvia Viña, de 16 anos, na súa reunión co presidente do Consello Europeo, Van Rompuy




ra. Van Rompuy comprometeuse a seguir en contacto para preparar esa posible reunión de rapaces ao estilo dun consello de ministros e alentounos na súa aventura. "Animounos a que seguisemos co idealismo e que nunca nos subestimemos porque os mozos podemos facer moiísimo", relata a rapaza, á que o mesmo Van Rompuy –na reunión que mantiveron en inglés– lle confesou que tamén el cando era neno participou coa escola nunha iniciativa semellante de intercambio da Unión Europea e que os entendía "moi ben". "Quedei impresionada", admite, "cando vin que o propio presidente tomaba notas do que eu dicía e que se identificaba con nós; foi algo moi gratificante", explica.

Concienciar sobre a necesidade de que todos modifiquemos os hábitos para preservar o medio é un dos compromisos dos mozos que se xuntaron en Brasilia, e que se manteñen en contacto a través das redes sociais e a propia organización da conferencia, para consolidar o seu proxecto. A través de internet calquera pode asinar o compromiso *Coidemos o Planeta*, toda unha declaración de intencións para que o modo en que vivimos non deixe marca no medio ambiente. "Se uns 400 rapaces case 50 países tan distintos

"Quedei impresionada ao ver que o presidente do Consello Europeo tomaba notas do que eu dicía"

fomos quen de poñernos de acordo para facer esta carta contra o cambio climático, tamén as administracións deberían e en cambio ao mellor a Unión Europea tarda anos en chegar a un consenso cun só país", reflexiona Silvia. A súa reunión con Van Rompuy foi, nese sentido, un toque de atención aos políticos comunitarios, áinda que o presidente convenceu en parte os rapaces: "A verdade é que antes de ir pensaba que a Unión Europea non facía moito, pero agora démonos conta de que está facendo un montón, como dar sete millóns de euros para que os países menos ricos reduzan as emisións, e nós tamén podemos facer un montón", engade esta rapaza, consciente de que se trata dunha carreira de fondo. "Non é algo que se cambie nun día, é un proceso longo", mantén, e por iso anima a cada un a reflexionar sobre como mellorar un poucas as cousas cambiando pequenos xestos da vida diaria. Usar a bicicleta ou o transporte público como alternativa ao coche privado é un dos xeitos que propón para limitar as emisións de CO₂ á atmosfera. Como conclusión, esta estudante de ciencias puras que áínda non decidiu a súa vocación pero xa pensa en "aplicar dalgunha maneira" a carreira que elixa en mellorar o medio no que vivimos, reivindica que todos "podemos vivir de modo máis sostible".

Ao compromiso ambiental que adquiriu Silvia neste periplo súmase unha experiencia persoal indeleble que xa está a marcar a súa vida. "Cando cheguei a Brasil estaba áínda como en shock, pero logo ves que hai moitos rapaces coma ti que queren cambiar as cousas e vas subindo escaleiras e dando pasos ata chegar á Unión Europea... foi impresinante", relata. "Todos nos deron enerxías para seguir e imos ver se podemos facer a reunión en 2012 a nivel europeo, coinci-



CASTEIRO

dindo co mesmo ano do Cumio de Desenvolvimento Sostible Río +20".

AMEAZAS CONCRETAS PARA GALICIA

Os efectos do cambio climático preocupan en todo o mundo e tamén ameazan a Galicia. A carta das xuventude avoga por cambiar pequenos xestos na vida cotiá para frear esta degradación do ambiente, aínda que esta aspiración non se pode entender sen o compromiso da administración e sobre todo da industria. De feito, un informe sobre o cambio climático elaborado pola Unión Europea alerta dos riscos para a comunidade galega a longo prazo.

Rapaces de medio cento de países consensuaron en Brasil un documento de responsabilidades para combater a emisión de gases de efecto invernadoiro

zo pola contaminación da refinaría de Repsol na Coruña e das centrais térmicas, sobre todo a de Endesa no municipio coruñés das Pontes.

O estudo técnico *Impactos do cambio climático europeo* destaca que o noroeste español sufrirá un incremento das temperaturas, secas e unha continua suba do nivel do mar. O peso da contaminación industrial será un factor decisivo e a Unión Europea fai

Imaxe dun vehículo en marcha circulando por unha estrada galega nas proximidades do parque natural das Fragas do Eume (A Coruña), un ecosistema único en Europa protexido polo seu valor ambiental

especial referencia á derivada da actividade de refinarias e centrais térmicas.

Outra característica da comunidade galega que acelerará o quentamento da zona son os incendios forestais, devastadores para o ámbito ambiental. Nese sentido, a carta de responsabilidades asinada polos mozos trata de disuadir sobre as queimas.

Segundo o devandito estudo o 50% das emisiones de gases con efecto invernadoiro que se trasladan á atmosfera dende Galicia proceden de tres empresas: Repsol na Coruña, Endesa As Pontes e Meirama, de Gas Natural Fenosa, en Cerceda. Tras estas compañías, ás que hai que sumar outras como Sogama e Alcoa, atópase a contaminación que producen en Galicia o transporte de coches, camións e trens diésel, que despiden un 17% do total de emisiones de gases con efecto invernadoiro. Son datos do Ministerio de Medio correspondentes a hai dous anos.

O campo de acción é grande, pero Silvia teno claro: "A implicación da xuventude no cambio climático ten que ser toda porque nos vai afectar directamente a nós, os nosos fillos e os nosos netos... eu non quero vivir nun mundo que estea rebentando cada dous por tres e por iso somos unha das xeracións más implicadas", manifesta. Como dicía o Capitán Planeta, despois de invocar terra, lume, vento, auga e corazón nas tardes do Xabarín Club: "O poder é voso". Salvar o mundo non é traballo de superheroeas. ■

CARTA DAS RESPONSABILIDADES

Nós, axente novadomundo e os delegados desta conferencia internacional, invitámolo a compartir a responsabilidade de coidar o planeta. Esta carta, que nace da unión de 53 países, representa as responsabilidades e accións de diferentes nacións con diversas culturas, idiomas e sociedades. Somos conscientes dos desafíos ambientais que enfrenta o noso planeta. Algunhas persoas din que a solución é o diñeiro; outras que é a intelixencia. Pero o diñeiro non importa cando máis de 400 nenos enenase xuntan para coidardose eufogar. Un fogar que foi deteriorado co tempo e que ten un futuro inseguro e inestable.

Se queremos estar protexidos dos cambios ambientais, temos que levar a cabo estas accións e responsabilidades nós mesmos. Senón agora, entón cando? Senón facemos nós, entón quen?

1. Sensibilizare informar as persoas sobre o uso eficiente e responsável da auga, a enerxía e os recursos biolóxicos e minerais, mellorando as nosas propias hábitos de consumo así como os de todos.


2. Reducir, co fin de parar, a contaminación da auga, co apoio e a acción do goberno, das empresas, dos agricultores e outras.

3. Informar e estimular a xente para que reduza as emisiones de gases de efecto invernadoiro, a través do uso de todas as enerxías renovables accesibles e dispoñibles, contando co apoio do Goberno, cando sexa posible, para accións que poñamos en práctica.

4. Estimular unha agricultura sustentable, consciente e menos impactante social e ambientalmente, sen agrotóxicos nin transxénicos, promovendo a educación rural para poñer en práctica novas formas más eficientes de uso de recursos, asegurando a seguridade alimentaria e, nalgúns países, evitando os incendios forestais durante a preparación do campo.

5. Coidar o medio ambiente, fortalecendo e afondando os proxectos de educación, investindo na participación dos mozos e nas súas capacidades de toma de decisión, informándoos sobre educación ambiental, transformando comunidades e escolas en comunidades de aprendizaxe, esixindo que sexa respectada.

6. Crear grupos ecolóxicos, en escolas e comunidades, que protexan, preserven e valoricen a biodiversidade, coidando



os ecosistemas para contribuír á sustentabilidade da biosfera, reducindo os desperdicios e usando os recursos naturais de forma racional.

7. Fomentar o consumo axeitado e a política das 5Rs (reflexionar, rexeitar, reducir, reutilizar e reciclar) a través da publicidade informativa, adoptándoo na vida diaria, con sociedades e estilos de vida sustentables.



8. Reducir o uso de enerxías impactantes, concienciando e mobilizando as sociedades sobre os usos de medios de transporte ecológicos, respectando os cambios que esas novas actitudes traerán.



9. Implementar perspectivas e valores ambientais, co fin de mellorar o punto de vista da xente, para con iso estimular unha cidadanía activa.



Hoxe, mozos e adultos de todas as partes do mundo presentes nesta conferencia, recoñecemos e aceptamos que todos somos e seremos responsables do que sucede na nosa amada terra. Somos de diferentes países e de diferentes culturas e aínda que estemos separados por oceanos e continentes, somos todos un, unidos por un obxectivo común: coidar o planeta!

COMUNIDAD
Cuidemos el planeta